

CORRECCIÓN EXAME HOBBS, LEVIATÁN, CAPT.17

TEXTO

“A causa final, propósito ou designio que fai que os homes, os cales aman por natureza a liberdade e o dominio sobre os demais, se impoñan a si mesmos esas restricións das que vemos que están rodeados cando viven en Estados é o procurar a súa propia conservación e consecuentemente unha vida máis grata. É dicir, que o que pretenden é saír desa insufrible situación de guerra que é o resultado necesario das paixóns naturais dos homes cando non hai un poder visible que os manteña atemorizados e que, coa ameaza do castigo, os obrigue a cumprir os seus convenios e a observar as leis de natureza. Porque as leis de natureza, como a equidade, a modestia, a misericordia e, en suma, o facer cos demais o que quixeramos que se fixese con nós, son en si mesmas, e cando non hai terror a algún poder que obrigue a observalas, contrarias as nosas paixóns naturais, as cales inclínanos á parcialidade, ao orgullo, á vinganza e demais. E os convenios, cando non hai temor á espada, son só palabras que non teñen a forza suficiente para darlle a un home a menor seguridade. Polo tanto, aínda contando coas leis de natureza, que cada un observa cando ten a vontade de observalas e cando pode facelo sen risco, se non hai un poder instituído ou ese poder non é o suficientemente forte para garantir a nosa seguridade, cada home dependerá e poderá facelo lexitimamente da súa propia forza e enxeño para protexerse dos outros homes.”

(Hobbes. Leviatán, capt.17)

CUESTIÓN TEXTOS:

1. ¿Como describe o autor o estado de natureza no texto?, con outras palabras, ¿como é o home en estado natural? Aporta algunha cita para completar a túa resposta. ¿Cal é a razón pola que os individuos abandonaron este estado natural? Busca unha frase do texto na que se mencione esta cuestión.

RESPOSTA: ESTADO DE NATUREZA: LIBERDADE (NATURAL), IGUALDADE CAPACIDADES FÍSICAS-PSÍQUICAS, IGUALDADE PODER (NATURAL) INDIVIDUAL=DEREITO NATURAL DE PROTEXER A SÚA VIDA POR TODOS OS MEDIOS, GUERRA DE TODOS CONTRA TODOS. PAIXÓNS NATURAIS: ANSIAS DE DOMINIO, ENVEXA, RIVALIDADE, VINGANZA, BELICOSIDADE, EGOÍSMO. OBJECTIVOS, FINES, METAS E SAÍDA DO ESTADO DE NATUREZA: AUTOCONSERVACIÓN+VIDA CONFORTÁBEL, PAIXÓNS NATURAIS FAVORABLES: MEDO Á MORTE+ESPERANZA LOGRO VIDA AGRADÁBEL POR MEDIO DO TRABALLO PROPIO.

2. ¿Que son as leis de natureza, segundo Hobbes?, ¿para que serven? Localiza no texto dous conceptos que sexan equivalentes da noción de leis de natureza e explica o seu significado. ¿Por que utiliza o autor cada un destes conceptos para referirse ás leis de natureza? En base ao que se di neste fragmento: ¿son

suficientes, por si soas, as leis de natureza para garantir a seguridade dos individuos? Razoa a resposta en base ao texto e recolle unha cita para apoiar a túa argumentación.

RESPOSTA: **LEIS DE NATUREZA:** NORMAS NON ESCRITAS ACORDADAS POLOS INDIVIDUOS, ESTANDO AÍND A NO ESTADO DE NATUREZA. O USO DA RAZÓN, QUE POSÚEN OS HOMES, PERMITE ELABORAR E ACORDAR ESTAS NORMAS. FINALIDADE DE ALCANZAR A SEGURIDADE SOBRE AS SÚAS VIDAS E GARANTIZAR UNHA VIDA CONFORTÁBEL. **CONCEPTOS:** **CONVENIOS:** ACORDOS DE PALABRA ENTRE OS INDIVIDUOS GUIADOS POLA CONVENIENCIA INDIVIDUAL DE PROTEXER CADA HOME A SÚA VIDA. **RESTRICIÓN:** LIMITACIÓNS AO USO ILIMITADO DO DEREITO NATURAL=PODER NATURAL DE USAR TODOS OS MEDIOS (ASTUCIA+FORZA) PARA PROTEXER AS SÚAS VIDAS.

AS **LEIS DE NATUREZA** NON ABONDAN POR SÍ MESMAS PARA GARANTIZAR A SEGURIDADE INDIVIDUAL, PORQUE A MAIORÍA DAS PAIXÓNS NATURAIS DOS HOMES SON OPOSTAS A ESTAS NORMAS DE PAZ.

3. ¿Que papel xoga o Estado en relación coas leis de natureza? Responde a cuestión aportando unha cita. ¿Que modelo de réxime político defende Hobbes?, ¿de que xeito xustifica este réxime no *Leviatán*?, ¿de que forma lexitima (xustifica) Hobbes a obediencia política?, con outras palabras, ¿por que hai que obedecer?

RESPOSTA: **ESTADO:** O PODER POLÍTICO GARANTIZA O CUMPRIMENTO DAS LEIS DE NATUREZA E DE CALQUERA NORMA XURÍDICO-POLÍTICA PROMULGADA POLO ESTADO. **ESTADO-LEVIATÁN:** INFUNDE TERROR PARA QUE OS INDIVIDUOS RESPETEN A LEI BAIXO A AMEAZA DE SEVEROS CASTIGOS. OS SÚBDITOS RESPETAN A LEI POR MEDO ÁS SANCIÓN LEGAIS. **MONARQUÍA ABSOLUTISTA:** RÉXIME POLÍTICO NO QUE O SOBERANO É UN REI CON PODERES ABSOLUTOS. TODOS OS PODERES DO ESTADO (EXECUTIVO, LEXISLATIVO E XUDICIAL) ESTÁN CONCENTRADOS NAS MANS DO MONARCA. SE O ESTADO FOSE DÉBIL (UN SOBERANO CON PODERES LIMITADOS) HABERÍA RISCO DE VOLTAR AO ESTADO NATURAL DE GUERRA.

LEXITIMACIÓN DA OBEDIENCIA POLÍTICA: OS SÚBDITOS OBEDECEN AO MONARCA PORQUE O ESTADO GARANTIZA A SÚA PAZ E SEGURIDADE. O PACTO POLO QUE SE CREA O ESTADO IMPLICA A RENUNCIA DO DEREITO NATURAL=PODER NATURAL DE CADA INDIVIDUO A CAMBIO DE QUE O ESTADO ASEGRE AS SÚAS VIDAS E PROPORCIONE AS CONDICIÓNS PARA UNHA VIDA CÓMODA. OBEDIENCIA A CAMBIO DE PROTECCIÓN.